



**Area Central**  
CENTRO COMERCIAL

## **DINÁMICA DA PROMOCIÓN “MERECE UN PREMIO. EDICIÓN VERÁN” EN ÁREA CENTRAL**

A Comunidade de Propietarios do Centro Comercial Área Central (en adiante, “Área Central”), con enderezo en Edificio Area Central, soto -1, L-A-4 15707 e con C.I.F. H-15431273 decide levar a cabo unha actividade de promoción dirixida aos seus **clientes**, formada por un panel no que os clientes poden optar a diferentes premios.

### **¿COMO PODO PARTICIPAR?**

Poderán participar os clientes que realicen un **gasto igual ou superior a 20€** en calquera dos establecementos comerciais de Área Central os días xoves 13 e venres 14 de xullo de 2023. Para iso, terán que achegarse ao panel de premios ubicado na esquina azul e demostrar unha compra superior a **20 euros** nos establecementos comerciais de **Área Central**, resultado dun único ticket ou de xuntar varios equivalente a unha ou varias compras realizadas eses mesmos días. Un ticket superior a 20 euros (independentemente do seu valor) equivale a poder elixir unha vez no panel de premios. Poderá escoller tantas veces como tickets superiores a 20 euros deses dous días presente. O panel de premios estará operativo os dous días de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 h.

### **¿QUE PODO GAÑAR?**

As persoas escollerán un xeado. Cada xeado terá escrito dentro un número. Cada número terá asignado o obxecto que lle corresponde recibir.

Os premios aos que optan son:

- 5 elementos inchables de praia
- 100 abanicos
- 100 palas de praia
- 200 botellas
- 200 neveiras de praia
- 200 neceseres
- 200 bolsas

En ningún caso, os gañadores poderán ser traballadores dos establecementos do centro comercial. Non poderán cambiar nin esixir cambiar ningunha das características do seu premio. De igual xeito, o premio non poderá ser trocado polo seu valor en metálico nin por ningún equivalente en produtos e servizos.

### **MÁIS ASPECTOS A TER EN CONTA**

O mero feito de participar nesta promoción implica a aceptación desta dinámica sen reserva de ningún tipo. **Área Central** resérvase o dereito de efectuar calquera cambio e de suspender ou ampliar esta promoción.

Exímese a Área Central de calquera responsabilidade ou incidencia que poda evitar que o gañador desfrute do premio unha vez sexa entregado o mesmo. Así mesmo, exímese a Área Central de calquera responsabilidade ou incidencia que se poida producir durante o desfrute do premio.

### **ONDE PODO COÑECER A DINÁMICA DESTA PROMOCIÓN?**

Esta promoción comunicarase a través das redes sociais e da web de **Área Central**, e a través de calquera outro medio divulgativo que Área Central considere de interese para a comunicación da promoción.

A dinámica desta promoción estará a disposición de calquera persoa que desexe consultala na web de **Área Central**.